



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE OURENSE PARA DESENVOLVER UN PLAN INTEGRAL DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DO VINTEÚN (AS COIÑAS)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Bernardo Tahoces, director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, DECLARA:

Que esta consellería ten previsto formalizar co concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31/12/2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as liñas de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e o Concello de Ourense, que permitan o desenvolvemento dun Plan Integral de mellora das infraestruturas do Polígono Industrial do Vinteún (As Coiñas).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten atribuídas competencias en materia de promoción do desenvolvemento e execución de actuacións de modernización e dotación de servizos avanzados no solo empresarial.

No Concello de Ourense existe a necesidade de contar cun solo empresarial que dispoña dunha maior dotación de infraestruturas que faga ás empresas asentadas no





polígono máis competitivas e seguras, garantindo igualmente a seguridade dos seus traballadores e dos visitantes ás mesmas.

A Xunta de Galicia considera unha prioridade o desenvolvemento dun plan integral de mellora das infraestruturas do Polígono Industrial do Vinteún (As Coiñas).

As deficiencias nas infraestruturas do polígono industrial do Vinteún (As Coiñas), referente industrial da provincia de Ourense, están a xerar importantes problemas de carácter económico ao impedir a adecuada implantación e expansión de empresas nel, e dificultar a actividade das xa implantadas, e problemas de carácter social debido ás carencias en seguridade tanto para os traballadores das empresas implantadas como para as persoas que o visitan.

Tendo en conta o interese xeral das actuacións incluídas no convenio e o seu carácter singular, dada a existencia dun protocolo de colaboración para desenvolver un Plan Integral de mellora das infraestruturas do polígono asinado o 9 de setembro de 2016 entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Concello de Ourense e, xa que logo, a imposibilidade de promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

A tramitación do convenio seguirá o procedemento da tramitación anticipada de expedientes de gasto, co fin de proceder á súa sinatura o antes posible, dado que o concello está obrigado á licitación das obras como paso previo á súa execución, o que





alonga os prazos e fai preciso que se comece a primeiros do ano 2017 para poder cumprir ca data de xustificación do 1 de decembro de 2017.

E para que conste, asínase esta memoria.

